

Compromiso? Que compromiso?

Recursos Humanos asumiu o compromiso de deter os despedimentos, as prexubilacións e de abrir un prazo para buscar solucións consensuadas. Ao día seguinte de adquirir ese compromiso, despediu dous mozos empregados. COMFIA-CCOO esiximos o reingreso dos despedidos e non admitimos nin un só despedimento máis.

No noso último comunicado denunciabamos os despedimentos arbitrarios que Banco Sabadell estaba levando a cabo con traballadores mozos de menos de dous anos de antigüidade, así como o abuso sistemático do método de prexubilación con despedimento, sen acordo coa representación sindical, e que os levou a prexubilarse case 300 traballadores en tres meses.

O pasado día 11 mantivemos un encontro cos representantes de RR.HH. no que manifestamos o noso absoluto rexeitamento a estas prácticas e a nosa negativa a aceptar que o banco, aproveitando o escenario da crise actual, pretenda, por unha banda, recibir todas as axudas económicas que o Estado proporciona ás entidades financeiras para paliar as actuais dificultades e, por outra, castigar os empregados pola crise e, de paso, erixirse en adais dun sistema de relacións laborais que intenta deteriorar dereitos laborais, que é alleo a un modelo de estado democrático de dereito e tamén ás prácticas da banca que, nas mesmas circunstancias ca nós, está asinando pactos de emprego, como no Santander, o BBVA ou o Barclays.

Na citada reunión, os representantes de RR.HH. asumiron o compromiso de deter os despedimentos e prexubilacións, abrir un prazo para tentar aclarar a situación e necesidades da entidade e buscar solucións consensuadas.

Ao día seguinte de adquirir ese compromiso, despediron dous mozos máis, argumentando que xa iniciaran o proceso de despedimento antes de asumir o compromiso.

Que os representantes da empresa incumpran os seus compromisos non só é vergonzoso, senón que tamén ASUSTA, porque a dúbida respecto á boa fe contractual é extensible a todos os ámbitos de actuación da empresa. Preguntámonos cantos compromisos máis incumpre o banco cos traballadores, cos accionistas, cos clientes...

O despedimento destes 20 traballadores debeu de lle custar á empresa uns 100.000 euros: que barato, non si? Algúns destes mozos non terán acceso ao paro e, dada a crise actual, poida que non atopen emprego. **Pero, que lle importa a vida de vinte persoas aos membros do noso ben**

nutrido e acomodado Consello de Administración e Alta Dirección? A retribución do consello incrementouse no 2008 un 32%, a alta dirección subiu os seus salarios un 4% e as pensións nun 80%, todo isto para compensarse polo estupendo resultado de reducir os beneficios da entidade nun 14%. Daquela, todos eles se preguntan: **crise?, que crise?**

Creemos que cos feitos expostos ábrese un difícil período nas relacións laborais. Non sabemos se os interlocutores da empresa, nun alarde de insensatez e irresponsabilidade, decidiron que non queren solucións consensuadas coa representación sindical e que se senten máis cómodos na mentira e

aplicando medidas de castigo ao persoal para xustificar os malos resultados nos que algo terá que ver a xestión dos responsables de dirixir esta entidade.

Facemos un chamamento a todo o persoal para que manifestedes a vosa repulsa ante estas prácticas, e que non colaboredes no despedimento emitindo informes negativos de empregados con pouca antigüidade para satisfacer os obxectivos que vos piden e para que, se vos agriden presentando unha carta de despedimento ou tedes coñecemento de que ocorre no voso ámbito laboral, vos poñades axiña en contacto connosco.

Marzo de 2009

ESIXIMOS O REINGRESO DOS DESPEDIDOS E NON ADMITIMOS NIN UN SÓ DESPEDIMENTO MÁIS

Conéctate á nosa web: *People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)*

Boletín de afiliación

Enviar a ➔ 3532-0002

Data.....

Nome e apelidos

DNI correo electrónico

Dirección

Poboación

Código postal

Domiciliación bancaria:

Entidade _____ Oficina _____ DC _____ Conta _____

Sinatura:

PROTECCIÓN DE DATOS:

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@ccoos.es ou chamar por teléfono ao 917028077.